



CONCELLO DE COSPEITO (LUGO)

Avda. da Terrachá, 29 - Feira do Monte - C.P. 27377 - Tel. 982520001 -
Fax 982520102 - C.I.F. P2701500G - R.E.L. nº 01270155

CAMPAÑA EN NEGRO CONTRA A VIOLENCIA DE XÉNERO 2019

Benquerido/a veciño/a:

O 17 de decembro de 1999 a Asemblea Xeral das Nacións Unidas declarou o **25 de novembro como Día Internacional da Eliminación da Violencia contra as Mulleres**, convidando a gobernos, organizacións internacionais e organizacións non gobernamentais a desenvolver actividades dirixidas a sensibilizar á poboación respecto da situación de violencia na que viven moitas mulleres. Segundo un recente informe da ONU as violencias machistas convertéronse na principal causa de morte das mulleres, de entre 15 e 44 anos, no mundo, e diversos estudos amosan que aproximadamente un 70 % das mulleres experimentaron violencia física e/ou sexual por parte dun compañeiro sentimental durante a súa vida. Só en España, desde o 2003 (ano en que se empezan a recoller cifras oficialmente), ata o 10 de xuño de 2019, foron asasinadas 1000 mulleres. Só nos dous primeiros meses do 2019 foron asasinadas 9 mulleres en España

Dende o Concello de Cospeito consideramos que a actual situación require dunha resposta unánime de toda a sociedade que poña de manifesto o rexeitamento de todas as formas de violencia contra as mulleres. Para iso, animamos ao sector do comercio e a todos os axentes sociais do municipio a implicarse na conmemoración do 25 de novembro.

“En negro contra as violencias” é unha campaña de denuncia e sensibilización contra a violencia de xénero promovida por máis de 120 concellos galegos, entre eles o de Cospeito.

Coa adhesión á Campaña **“Cospeito en Negro”** propoñémosvos vestir de negro o noso concello, en sinal de dor por todas as mulleres que sofren violencia, e como resposta á máis dura das súas consecuencias, a morte. Porque consideramos que tedes o protagonismo das rúas e vilas de Cospeito, e sodes o gran escaparate que pode transmitir á cidadanía a mensaxe de denuncia e solidariedade: **queremos un Cospeito libre de violencias machistas!**

Do 18 ao 25 de novembro, viste a túa tenda, comercio, empresa, bar, ou entorno de traballo de negro, viste os teus escaparates, os manteis do teu restaurante, ou a ti mesmo/a de negro, nós facilitarémosvos algúns materiais e información e na web <https://ennegrocontraasviolencias.gal/> haberá material moi accesible para poder descargar e imprimir se precisades máis.

Dende o Concello de Cospeito animámosvos a participar nesta campaña de sensibilización e agardamos contar coa vosa participación e implicación para vestir de negro con carteis, teas, roupa, decoración,... etc o noso concello.

Fai difusión da túa acción subindo as fotos ás redes sociais co hashtag ([#galiciaen negro](#); [#ennegrocontraasviolencias](#); [#Cospeitoen negro](#) e envíanos as túas fotos por whatsapp ao número: [626848414](tel:626848414) ou vía correo electrónico a servisociais@concellodecospeito.es.

Agardamos contar coa túa participación, recibe un cordial saúdo

O Alcalde,

Armando Castosa Alvaríño